

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

ORDE do 16 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de museos correspondentes ao programa 2026-2027 (código de procedemento CT110B).

Segundo o establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a súa estrutura orgánica, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano da Administración autonómica que ten atribuídas as competencias en materia de promoción e difusión da cultura e do patrimonio cultural.

Para impulsar a formación do futuro persoal técnico en museos e posibilitar a súa aprendizaxe, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude convoca bolsas de formación que contribúan, na medida das posibilidades orzamentarias, a ampliar esta formación.

A finalidade das bolsas é proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico, polo que é preciso poñer un límite no desfrute destas e tratar de ofrecelas ao maior número de persoas posibles, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade.

Este expediente tramítase ao abeiro do artigo 26 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, como subvención plurianual, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026.

Esta orde tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, para o que existe crédito adecuado e suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2021, a concesión de subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.



Para estes efectos, é necesario establecer as bases reguladoras da concesión destas bolsas, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como as normas de desenvolvemento.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Por medio desta orde establécense as bases reguladoras das bolsas de formación en materia de museos e convócanse as correspondentes ao Programa 2026-2027 (código de procedemento CT110B).

2. As bolsas irán destinadas a actividades de formación relacionadas cos procesos técnicos que se realizarán no ámbito dos museos.

O persoal bolseiro realizará a súa actividade nos museos do Sistema galego de centros museísticos que contén con persoal técnico con titulacións relacionadas coas materias previstas no artigo 4 desta orde. Será tutelado polo persoal técnico dos centros receptores, sen prexuízo da coordinación e seguimento realizados pola consellería competente en materia de cultura.

3. A formación comprende unha parte teórica impartida polo persoal técnico designado pola dirección xeral competente en materia de cultura.

Artigo 2. *Principios de xestión*

A xestión deste procedemento realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.



Artigo 3. Financiamento

1. A dotación deste programa, que ten carácter plurianual, é de 246.000,00 €, distribuídos como segue:

a) Para a dotación das bolsas destinaranse 228.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.480.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 (114.000,00 € en cada unha das dúas anualidades).

b) En cumprimento do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social destinaranse 18.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.484.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027 (9.000,00 € na anualidade 2026 e 9.000,00 € na anualidade 2027). Para o cálculo deste importe aplícanse as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e a aprendizaxe, tomando como referencia a cota empresarial para o ano 2025, máis unha cantidade adicional para posibles incrementos da cota ou que poidan derivar de altas e baixas na mesma bolsa e no mesmo mes.

De ser o caso, farase unha modificación orzamentaria para adecuar esta previsión ao gasto real. Non existirá obriga de cotizar pola continxencia de desemprego, así como tampouco ao Fondo de Garantía Salarial nin por formación profesional.

2. A tramitación desta orde faise como subvención plurianual con tramitación anticipada de gasto e fica condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

3. Esta orde tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, posto que existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.



A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto se poderán iniciar, sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Por iso, a eficacia desta convocatoria fica condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento da resolución de concesión. No anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 existe crédito adecuado e suficiente para poder tramitar esta orde.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados no desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Artigo 4. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas bolsas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter grao universitario ou equivalente, segundo o Espazo Europeo de Educación Superior, cunha configuración curricular (expediente académico) na cal se acredite un mínimo de 75 créditos nas materias seguintes:

- a) Historia da arte
- b) Historia.
- c) Arqueoloxía.
- d) Conservación e restauración.



2. Acreditar coñecemento da lingua galega, nivel perfeccionamento, mediante certificado oficial Celga 4 ou equivalente.

3. Non ter desfrutado, con anterioridade á publicación desta convocatoria de bolsas, dun período de tempo igual ou superior a 6 meses destas mesmas bolsas, nin ter renunciado a elas sen unha causa de forza maior, a xuízo da Dirección Xeral de Cultura, unha vez adxudicada a bolsa.

4. Non ter emprego remunerado nin desfrutar doutra bolsa ou axuda durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.

5. Non ter sido sancionadas por infracción, cometida durante o desfrute dunha bolsa concedida para a formación en materia de museos.

Artigo 5. Número, duración e importe das bolsas

1. O número de bolsas convocadas será de dezaioito, que se adxudicarán de acordo co baremo indicado no artigo 11 desta convocatoria.

2. As bolsas terán unha duración máxima de 12 meses, contados a partir da data de incorporación que estableza a dirección xeral competente en materia de cultura de acordo co centro de destino. Darán comezo dentro do prazo que se estableza na resolución, non antes do 1 de xullo de 2026.

3. O importe bruto mensual de cada bolsa será de 1.055,00 €.

Artigo 6. Forma e lugar de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo I), na medida en que as persoas físicas potencialmente beneficiarias destas axudas dispoñen da formación e capacidade técnica que lles permite o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para relacionarse por esta vía co sector público autonómico.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación académica oficial completa, na cal deberá constar a nota media simple do expediente académico da titulación na escala numérica 0-10.

b) Certificado de Celga 4 ou equivalente, cando non estea expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

c) Copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados. Só contabilizarán aqueles méritos dos que se achegue proba documental.

d) Xustificante de pagamento das taxas para a expedición de título universitario, de non estar en posesión do título universitario.

e) Título estranxeiro e declaración de equivalencia da titulación e das notas medias.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración.

Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elabo-



rados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga 4 ou equivalente), cando fose expedido pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística).
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h) Consulta da condición de bolseira/o da persoa beneficiaria destas bolsas en anteriores convocatorias
- i) Consulta do título universitario.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, agás o disposto no parágrafo 6 deste artigo.

CVE-DOG: gokjuqb1-ota5-ve28-gax0-9dbagrdko688



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución de adxudicación será notificada mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Artigo 11. *Criterios de valoración*

1. Teranse en conta os seguintes criterios para a valoración das solicitudes:

a) Expediente académico: ata 5 puntos. A valoración do expediente académico realízase multiplicando por 0,5 a nota media simple do título universitario co que concorre á bolsa, consonte a normativa sobre valoración de expedientes académicos da consellería competente na materia de ordenación universitaria (Resolución da Secretaría Xeral Técni-



ca, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011. *Diario Oficial de Galicia* núm. 188, do 30 de setembro).

No caso de concorrer con máis dun título universitario dos que dan acceso a estas bolsas, terase en conta unicamente o expediente con mellor nota.

b) Cursos de posgrao, de especialización e mestrados relacionados coa historia, historia da arte, arqueoloxía, conservación, restauración, xestión de museos, museoloxía, xestión cultural ou do patrimonio cultural, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais: 0,005 puntos por cada hora lectiva, ata un máximo de 4 puntos.

c) Cursos relacionados coa historia, historia da arte, arqueoloxía, conservación, restauración, xestión de museos, museoloxía, xestión cultural ou do patrimonio cultural organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais: 0,005 puntos por cada hora lectiva, ata un máximo de 4 puntos.

Non se terán en conta os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles en que non se acrediten as horas lectivas.

Tampouco se terán en conta os cursos que formen parte do currículo dunha titulación xa valorada na mesma solicitude.

2. En caso de empate, terán prioridade as persoas solicitantes que acrediten maior nota media simple no expediente académico. De persistir aquel, atenderase á data de finalización dos estudos universitarios, dando preferencia á data máis recente. Finalmente, se aínda persistise o empate, as solicitudes ordenaranse pola súa orde de presentación.

3. Non se valorará ningún mérito alegado pero non acreditado documentalmente nos termos regulados nesta convocatoria, sen que proceda, neste caso, facer requirimento destes.

Artigo 12. *Instrución e avaliación*

1. A instrución do procedemento de concesión das bolsas correspóndelle á subdirección xeral competente en materia de centros museísticos, que revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegarse toda a documentación requirida, poderáselles reclamar ás persoas solicitantes que emenden os defectos apreciados na documentación exixida, para o que se lles outorgará



un prazo máximo e improrrogable de dez días desde a notificación do requirimento, e indicáraselles que, de non o faceren, se entenderá que desisten da súa solicitude, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión técnica de avaliación que se axustará aos preceptos contidos na sección 3ª da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Esta comisión estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Arquivos e Centros Museísticos, que a presidirá, e actuarán como vogais dúas persoas do Servizo de Centros Museísticos. Exercerá a secretaría a persoa titular do Servizo de Centros Museísticos. En caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a comisión, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura nomear un suplente. A comisión formulará o informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

Artigo 13. *Listaxes provisionais e proposta de resolución*

1. A unidade instrutora, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido pola Comisión Técnica de Avaliación, elaborará a listaxe provisional de persoas excluídas por non reuniren todos os requisitos, así como das persoas admitidas e a puntuación acadada. Estas listaxes publicaranse na páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude <https://www.cultura.gal/gl/servizos> e a través da páxina web do Portal de Museos, museos.xunta.gal

2. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días para formular alegacións ás listaxes provisionais. Estas alegacións dirixiranse á unidade instrutora.

3. A unidade instrutora examinará as alegacións recibidas e dará traslado delas á Comisión Técnica de Avaliación para que as avalíe. Á vista de toda a documentación, elaborará as listaxes definitivas de persoas propostas, coa puntuación acadada por estas. Así mesmo, incluírá a listaxe de persoas suplentes, ordenadas segundo a puntuación acadada, e das solicitudes denegadas, con expresión da causa de denegación.

4. A persoa titular da dirección xeral competente en materia de cultura formulará a proposta de resolución motivada das solicitudes por orde decrecente de puntuación, logo do informe de avaliación emitido pola Comisión Técnica de Avaliación. Esta proposta será elevada á persoa competente para resolver.



Artigo 14. Resolución e recursos

1. No prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución definitiva por parte da persoa titular da dirección xeral competente en materia de cultura, a persoa titular da consellería competente en materia de cultura deberá resolver de acordo co disposto no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Na resolución incluírase a relación de solicitantes aos cales se lles conceden as bolsas convocadas, especificando a puntuación total obtida na valoración dos méritos. Así mesmo, incluírase unha listaxe de persoas suplentes, ordenadas segundo a puntuación acadada, que poderán ser chamadas en caso de non aceptación ou renuncia das persoas adxudicatarias. Tamén incluírá as solicitudes denegadas, con expresión da causa de denegación.

3. O prazo máximo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa, faculta o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. A resolución de adxudicación, que se notificará nos termos previstos no artigo 10.6, pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra ela cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta ás persoas interesadas, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados, así mesmo, dende a data de notificación.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

6. A resolución será obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude <https://www.cultura.gal/gl/servizos> e a través da páxina web do Portal de Museos, museos.xunta.gal



Artigo 15. *Aceptación das bolsas*

1. As persoas que resultasen adxudicatarias dunha das bolsas convocadas elixirán o seu destino por orde de puntuación.

2. A dirección xeral competente en materia de cultura poderá adxudicar outro destino en función do desenvolvemento da bolsa e das circunstancias que se poidan producir.

3. Dentro dos dez días naturais seguintes ao da notificación da resolución definitiva as persoas beneficiarias das bolsas deberán comunicar a súa aceptación á dirección xeral competente en materia de cultura. De non facelo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5 da Lei de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, de non comparecer no centro de destino na data estipulada, o nomeamento quedará sen efecto e será motivo de exclusión na seguinte convocatoria. A Dirección Xeral de Cultura procederá ao chamamento de suplentes para cubriren estas prazas.

5. A aceptación dunha bolsa de arquivos ou biblioteconomía convocadas pola conselleira competente en materia de cultura para o programa 2026/2027 implica a exclusión da listaxe de suplentes das bolsas en materia de museos convocadas ao abeiro desta orde.

6. A aceptación da bolsa supón o compromiso implícito de manter a confidencialidade da información obtida no desenvolvemento das actividades obxecto destas bolsas, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 16. *Nomeamento de suplentes*

1. Nos supostos sinalados no artigo 15 nomearanse como beneficiarias aquelas persoas que figuren na listaxe de suplente, por orde de prelación.

2. Nomearase novo persoal bolseiro da listaxe de suplentes nos casos de revogación ou renuncia das bolsas xa iniciadas, atendendo á posibilidade do aproveitamento da formación por parte da persoa chamada, tendo en conta o tempo que reste ata a finalización da bolsa.

3. Para a cobertura de vacantes efectuarase un chamamento por correo electrónico a un máximo de 5 persoas por praza de entre aquelas que ocupen os primeiros postos das listas de suplentes, informándoas do lugar de destino da bolsa ofertada e da orde que ocupan no chamamento.



4. As persoas interesadas terán un prazo de tres días naturais para aceptar ou rexeitar por correo electrónico o chamamento. A bolsa adxudicarase a aquela persoa que acepte en prazo e que ocupe a posición máis alta de entre as chamadas. Se ningunha das persoas convocadas acepta, repetirase o procedemento.

A non aceptación suporá a exclusión da listaxe para posteriores chamamentos, pero non penalizará para o acceso á bolsa en futuras convocatorias.

Artigo 17. *Pagamento das bolsas e xustificación*

1. O pagamento das bolsas axustarase á normativa orzamentaria de aplicación. Terá unha periodicidade mensual, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, unha vez que o persoal bolseiro presente a documentación fixada no artigo 18.

2. Ás persoas adxudicatarias das bolsas poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da bolsa.

3. Así mesmo, as persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 18. *Obrigas das persoas bolseiras*

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as persoas bolseiras seleccionadas están obrigadas a:

a) Incorporarse ao destino adxudicado na data que estableza a Dirección Xeral de Cultura. A non incorporación na data sinalada implicará a perda automática dos dereitos inherentes á bolsa concedida.

b) Asistir aos centros onde resulten destinadas de acordo coas directrices que estipulen as persoas responsables da execución do programa de formación. O horario será o establecido no centro de destino.

c) Seguir as indicacións da dirección do museo e dos servizos técnicos coordinadores.

d) Entregar mensualmente ao servizo competente en centros museísticos un informe da actividade formativa realizada, asinado pola dirección do centro e polo persoal bolseiro.



e) Entregar, ao finalizar a bolsa, unha memoria final explicativa correspondente ás actividades formativas desenvolvidas durante o tempo de desfrute da bolsa, asinada polo persoal bolseiro e pola dirección do centro. Na devandita memoria a dirección do centro deberá facer constar se a formación se realizou con aproveitamento.

Artigo 19. *Desenvolvemento das bolsas*

1. Durante o desfrute da bolsa, a dirección xeral competente en materia de cultura poderá autorizar a súa interrupción temporal por un prazo máximo de 10 días hábiles, por petición da persoa interesada e logo do informe da dirección do centro museístico correspondente. Esta interrupción será remunerada e non terá que ser xustificada nin recuperada.

2. A condición de persoa bolseira non implica relación funcional nin laboral coa consellería competente en materia de cultura, nin compromiso que se estenda máis alá do seu ámbito de duración.

3. Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, as persoas bolseiras deberán contar coa autorización expresa e previa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e do centro onde estivesen destinadas.

4. Ao remate da bolsa, a dirección competente en materia de cultura, logo da memoria final asinada pola dirección dos centros, expedirá unha certificación acreditativa do período formativo realizado.

Artigo 20. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación da resolución de concesión.

Artigo 21. *Renuncias, revogación e reintegro de cantidades*

1. A renuncia á bolsa, unha vez comezado o seu desfrute, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito á Dirección Xeral de Cultura polo menos con sete días de antelación á data en que solicite que sexa efectiva a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas en exceso, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada.



2. O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa o persoal bolseiro poderá proporlle á Dirección Xeral de Cultura a revogación da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das obrigas sinaladas.

3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora, cando proceda, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Réxime sancionador*

As infraccións administrativas cometidas en relación coas bolsas reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. *Réxime xurídico*

Para todos aqueles aspectos non previstos nas presentes bases, aplicarase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Será de aplicación o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou as entidades previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.



Disposición adicional

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o director xeral de Cultura para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 28.6.2024; DOG núm. 130, do 5 de xullo)
Elvira María Casal García
Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura,
Lingua e Xuventude



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE MUSEOS	CT110B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

PARROQUIA	LUGAR

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO



DATOS BANCARIOS
☒ Formato IBAN

☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA
NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TITULACIÓN ACADÉMICA

MÉRITOS ALEGADOS
Art. 11. 1 a) Expediente académico. Nota media simple

Art. 11. 1. b) Cursos de posgrao, de especialización e mestrados relacionados con historia, historia da arte, arqueoloxía, conservación, restauración, xestión de museos, museoloxía, xestión cultural ou do patrimonio cultural, organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais.
Horas lectivas

MÉRITOS ALEGADOS (continuación)
Art. 11. 1. c) Cursos relacionados con historia, historia da arte, arqueoloxía, conservación, restauración, xestión de museos, museoloxía, xestión cultural ou do patrimonio cultural organizados exclusivamente por organismos públicos, universidades ou asociacións profesionais.
Horas lectivas



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDEANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Non ter desfrutado anteriormente destas mesmas bolsas durante un período igual ou superior a 6 meses, nin renunciar a elas sen unha causa de forza maior, a xuízo da dirección xeral competente en materia de cultura, unha vez adjudicada a bolsa.
2. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.
3. Non ter sido sancionada por infracción cometida por razón de bolsas concedidas para formación en museos.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Certificación académica oficial completa na que deberá constar a nota media simple do expediente académico da titulación na escala numérica 0-10.			
☐ Certificado do Celga 4 ou equivalente cando non estea expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.			
☐ Copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados. Só contabilizarán aqueles méritos dos cales se achegue proba documental.			
☐ Xustificante de pagamento das taxas para a expedición de título universitario, de non estar en posesión do título universitario.			
☐ Título estranxeiro e declaración de equivalencia da titulación e das notas medias.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta da condición de bolseira da persoa beneficiaria destas bolsas en anteriores convocatorias	☐
Certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga 4 ou equivalente), cando fose expedido pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística)	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.	☐
Consulta do título universitario ou do xustificante de pagamento das taxas para a súa expedición. Consulta do título estranxeiro e da declaración de equivalencia da titulación e das notas medias.	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 16 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de museos correspondentes ao programa 2026-2027 (código de procedemento CT110B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura

